



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 10 DE OUTUBRO DE 2016.

ASISTENTES

GRUPO POLITICO

ALCALDESA, que preside:

D^a M^a Lourdes Ucha Varela PP

CONCELLEIROS:

D. Ramón Tilve Castro PP

D. José Ramón Gondar Pintos PP

D^a. Milagros Pérez Gándara PP

D. José Manuel Méndez Lázaro PP

D^a. Rosalina Lima Prado PP

D. José Manuel Ásperez Montes MI

D. Antonio Rial Lastres MI

D. José Varela Budelo MI

D^a M^a del Pilar Prado González MI

D^a Icíar García Fernández PSdeG-PSOE

D. Manuel Radio Oubiña PSdeG-PSOE

NON ASISTE

D. Ruben Casal Radio PP

SECRETARIA:

D^a M^a Teresa Escudero Barral

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 10 de outubro de 2016, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria, coa asistencia dos Sres/as concelleiros/as que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorum necesario, declárase validamente constituída a sesión.

Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 22 DE SETEMBRO DE 2016.

Dáse conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á sesión extraordinaria de data 22 de setembro de 2016 preguntando se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións á mesma.

Non formulándose ningunha queda aprobada por unanimidade dos doce membros.

2º.- SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS.

A Sra. alcaldesa dálle conta aos membros do Pleno da Corporación da proposta da Alcaldía en relación con este asunto sinalando que, mediante Resolución da Alcaldía



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

de data 29 de abril de 2016, acordouse a adhesión ao CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS, Resolución que foi ratificada polo Pleno da Corporación en sesión de data 13 de xuño de 2016.

A vista da comunicación remitida pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental na que se traslada a sinatura da Addenda para a modificación do CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS e no que se recorda que, como potencial beneficiario deste Convenio, se deberá enviar antes do día 6 de novembro de 2016 a solicitude de adhesión ao Convenio Marco modificado pola addenda de 6 de setembro; esta Alcaldía someteu esta asunto á Comisión Informativa Permanente de Servicios e Medio Ambiente que ditaminou favorablemente a adhesión a esta Convenio coa Addenda asinada o día 6 de setembro de 2016.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a Sra. García Fernández, quen manifesta que, como había sinalado na sesión de data 13 de xuño de 2016, está a favor de que se dote ao punto limpo do equipamento necesario para a recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos e que se faga desde o respecto ao medio ambiente e evitar así verquedoiros incontrolados.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame proposta da Comisión Informativa Permanente de Servicios e Medio Ambiente, por unanimidade dos doce membros acorda:

1º.- Adherirse ao CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS asinado, con data 30 de marzo de 2016, entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a FEGAMP coa Addenda asinada o día 6 de setembro de 2016, co fin de dotar ao punto limpo de titularidade desta entidade local do equipamento necesario para a recollida e clasificación de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE).

2º.- Facultar á Sra. alcaldesa para a formalización mediante a súa sinatura e para a realización das actuacións precisas para a súa execución.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

3º.- Dar traslado do presente acordo á Consillería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

3º.- DAR CONTA DO ACORDO DE INTENCIONS ACADADO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA Á CONSTRUCCIÓN DUN NOVO ESPAZO HABILITADO COMO COMEDOR EN SUBSTITUCIÓN DAS ACTUAIS INSTALACIÓNS NO “CEIP COIRÓN-DENA” DO CONCELLO DE MEAÑO.

A Sra. alcaldesa-presidenta dá conta do ACORDO DE INTENCIONS ACADADO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA Á CONSTRUCCIÓN DUN NOVO ESPAZO HABILITADO COMO COMEDOR EN SUBSTITUCIÓN DAS ACTUAIS INSTALACIÓNS NO “CEIP COIRÓN-DENA” DO CONCELLO DE MEAÑO, asinado con data 18 de agosto de 2016, entre a conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a alcaldesa do Concello de Meaño

“ACORDO DE INTENCIONS RELATIVO Á CONSTRUCCIÓN DUN NOVO ESPAZO HABILITADO COMO COMEDOR EN SUBSTITUCIÓN DAS ACTUAIS INSTALACIÓNS NO “CEIP COIRÓN-DENA” DO CONCELLO DE MEAÑO

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación establece e define as obrigas das administracións educativas en relación cos servizos educativos complementarios, tales como os comedores escolares.

O Decreto 132/2013, do 1 de agosto, regula os comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

A referida norma contempla o comedor escolar como un servizo educativo de carácter complementario que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante par a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e educativa.

A súa implantación obedeceu nos seus inicios á necesidade de dar resposta á situación e desvantaxe social e económica de moitas familias, derivadas da tradicional dispersión xeográfica galega, que dificulta o acceso dos escolares á ensinanza, razón pola que se concibía unido ao transporte escolar. Porén, nestes momentos constitúe ademais un instrumento facilitador da conciliación da vida laboral e familiar.

O xa citado Decreto 132/2013, do 1 de agosto, no seu artigo 2.1 d), establece as distintas modalidades polas que se prestará o servizo do comedor e dispón textualmente, como unha delas, a “xestión de comedor escolar por Administracións Públicas distintas da Xunta de Galicia, responsables de contratación e xestión integral de servizo, mediante a subscrición, se é o caso, de convenios de colaboración para o efecto”.

Neste senso, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Meaño, sensibles á demanda da comunidade educativa do CEIP Coirón-Dena de Meaño, de contar con comedor escolar, acordaron asinar un convenio de colaboración que arbitrara a súa colaboración mutua, consistente, por parte da Consellería, na autorización para a apertura de comedor escolar nas axeitadas instalacións existentes no centro, na habilitación ao Concello para levar a cabo todas as actuacións necesarias para contratar a prestación do servizo de comedor neste centro de ensino público e no



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

financiamento do servizo a través das achegas económicas acordadas, así como, por parte do Concello, na asunción da xestión e organización do servizo, asumindo os custes que excederan da achega económica autonómica.

Esta colaboración vén instrumentándose mediante a sinatura de sucesivos convenios de colaboración que, de xeito satisfactorio, se desenvolven durante os cursos escolares 2013/2014, 2014/2015 e 2015/2016, estando, así mesmo, prevista a súa continuidade para o vindeiro curso escolar 2016/2017.

Os bos resultados obtidos coa referida colaboración institucional determinaron que recentemente o Concello de Meaño solicitara da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a extensión da dita colaboración á construción dun espazo físico novo que acolla e amplíe o actual servizo de comedor no CEIP Coirón-Dena, en substitución das actuais instalacións.

Neste senso, ambas as dúas Administracións, manifestan,, mediante o presente **Acordo de Intencións** a súa intención de levar a cabo a obra durante o ano 2017, para que o novo espazo estea en uso o curso 2017-2018, en función da dispoñibilidade orzamentaria.

En Santiago de Compostela, a dezaoito de agosto de dous mil dezaseis.
Pola Conselleira de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O concelleiro. Román Rodríguez González.
Polo Concello de Meaño. A alcaldesa Lourdes Ucha Varela.”

Queda dado conta.

4º.- DAR CONTA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE INFRAESTRUTURA RURAL.

A Sra. alcaldesa-presidenta dá conta do CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE INFRAESTRUTURA RURAL, asinado con data 2 de agosto de 2016, entre a conselleira do Medio Rural e a alcaldesa do Concello de Meaño

“Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, actuando en nome e representación da **Consellería do Medio Rural** da Xunta de Galicia, na súa calidade de Conselleira do Medio Rural, en virtude do Decreto 127/2015 do 4 de outubro, (DOG Nº190 do 5 de outubro de 2015).

Doutra parte, Dª Mª Lourdes Ucha Varela actuando en nome e representación do Concello de **Meaño** na súa calidade de alcalde/alcaldesa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Amba-las dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio e para o efecto



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- A Consellería do Medio Rural, en virtude do Decreto 166/2015, do 13 de novembro, é o órgano da Administración galega encargado de propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito rural.

En exercicio das súas competencias responsabilízase de accións que teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas no medio rural.

A competencia para sinatura de convenios de importe igual ou inferior a 150.000 € está delegada no director xeral de Desenvolvemento Rural, pola Orde de delegación do 17 de novembro de 2015 (DOG Nº 223 do 23 de novembro de 2015). Por este mesmo acto avócase esta delegación para sinatura deste convenio en concreto.

SEGUNDO.- O concello de **Meaño** presentan unha deficiente dotación de infraestruturas rurais no seu ámbito territorial; producíndose carencias importantes que frean o seu desenvolvemento rural.

TERCEIRO.- A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, vén de determinar as actuacións a realizar en distintos concellos de Galicia que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan:

- Contemplará proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva do medio rural, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e contribuír a fixar poboación.
- Poderanse incluír obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecemento de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren dentro da competencia desta Consellería.

CUARTO.- Amba-las dúas partes expresan o seu ánimo de participar e colaborar na consecución deses intereses comúns de apoio ao medio rural galego.

O concello de **Meaño** consideran necesaria a execución da seguinte obra de infraestrutura rural “**Mellora de pistas rurais nas parroquias de Xil e Meaño**” con destino ao uso ou servizo público, sen que poida acometer a súa execución por razóns orzamentarias. A Consellería do Medio Rural, en uso das súas competencias, coincide con concellos no uso público da obra.

Xa que logo, amba-las dúas partes, ao abeiro do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais para a realización de obras titularidade das mesmas, recoñecéndose capacidade para formularen o presente ACORDO DE COOPERACIÓN, conveñen na súa formulación, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-

É obxecto do presente Acordo a execución por parte da Consellería do Medio Rural da obra sinalada no anterior apartado CUARTO, titularidade do concello de **Meaño**, e destinada ao uso público, conforme ao proxecto establecido.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Segunda.-

A Consellería do Medio Rural asume a realización das obras sinaladas con cargo aos seus orzamentos, correspondéndolle en exclusiva a súa licitación ou encargo, tramitación e dirección.

O importe máximo que se destinará ás obras obxecto do presente convenio é de **59.759,88 €**

A diferenza entre o importe anterior e o que resulte do proceso de adjudicación quedará a disposición da Consellería do Medio Rural, sen prexuízo das modificacións que foran necesarias que en ningún caso poderá superar o importe máximo sinalado no parágrafo anterior. O financiamento destas obras será con cargo á aplicación orzamentaria 13.04.551A.6041, coa seguinte anualidade:

Ano 2016 : **59.759,88 €**

Terceira.-

As obras obxecto de contrato son financiadas con fondos propios.

Cuarta.-

O concello de **Meaño**, en relación coa obra obxecto deste Acordo, asume as seguintes obrigas, segundo, **Xunta de Goberno de data 20 de xuño de 2016**

- A posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo a/s obra/s.
- A renuncia expresa a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo da/s obra/s de referencia.
- Asumir -unha vez recepcionada/s a/s obra/s provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma- a explotación, mantemento e conservación da/s mesma/s.
- Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto.
- Manifestación expresa do compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no proxecto, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes.
- Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito concello.

Quinta.-

O Concello, antes da adjudicación definitiva da obra, deberán acreditar, nos termos sinalados a efectiva dispoñibilidade de terreos.

Sexta.-

Unha vez recepcionadas as obras pola Consellería, esta deberá poñelo en coñecemento dos Concellos, determinando esta comunicación o nacemento das obrigas de explotación, mantemento e conservación por parte dos Concellos, sen prexuízo da formalización da correspondente acta de entrega.

Sétima.-



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Para velar polo cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha Comisión de Seguimento formada polo director xeral de Desenvolvemento Rural como representante da Consellería do Medio Rural, os alcaldes como representantes dos Concellos, ou persoas nas que deleguen.

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

Oitava.-

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e permanecerá vixente ata o remate da actuación contemplada no mesmo, a comunicación da recepción das obras aos Concellos e a formalización da acta de entrega segundo o establecido na cláusula quinta.

O anterior entenderase se prexuízo de que o gasto que comporta para a Consellería se circunscriba aos exercicios orzamentarios reflectidos na cláusula segunda.

Novena.-

Serán causas de resolución do presente Convenio as seguintes:

- A denuncia de calquera das partes, debendo, se é o caso, ser indemnizados os compromisos económicos orixinados ata o momento da denuncia, á parte contraria.
- O incumprimento das cláusulas do Convenio e/ou as imposibilidades do seu desenvolvemento.
- O mutuo acordo das partes.

Décima.-

As modificacións formalizaranse mediante “addenda” cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do Convenio, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula segunda do convenio.

Décimoprimeira.-

O convenio esta suxeito, en canto a súa publicidade, a Lei 1/2016 do 16 de xaneiro, Lei de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega, e ao Decreto 126/2006 do 20 xullo polo que se regula o rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimosegunda.-

Este Convenio ten natureza administrativa, e rexerese pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da Administración Local de Galicia, polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público e demais lexislación sobre a materia obxecto do mesmo, e no seu defecto polo texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011 e demais normas de Dereito administrativo e en defecto desde último polas normas de Dereito privado, sendo competente para entender nos litixios que puideran xurdir a Xurisdición Contencioso Administrativa.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Décimoterceira.-

As partes asinantes deste convenio consenten expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo coa Disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, o obrigado con iso ás Administracións que representan, asinan por duplicado exemplar o presente Convenio, no lugar e data sinalada no seu encabezamento.”

Engadindo que os camiños que se inclúen no Plan de Emerxencias 2016 “Mellora de pistas rurais nas parroquias de Xil e Meaño” son os ramais de:

- Vilaxuega ao Reguiño-Xil, cunha lonxitude de 293 m.
- Soicidros a Coido e Figueiras-Meaño, cunha lonxitude de 524 m.
- Revoltiñas-Xil, cunha lonxitude de 425 m.
- Cidrón a Teixe de Arriba-Meaño, cunha lonxitude de 185 m..

Queda dado conta.

5º.- DAR CONTA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE “MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA Á ALDEA DE ABAIXO E A IGREXA EN COVAS. CONCELLO DE MEAÑO (PONTEVEDRA), COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL GALICIA 2014-2020.

A Sra. alcaldesa-presidenta dá conta do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE “MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA Á ALDEA DE ABAIXO E A IGREXA EN COVAS. CONCELLO DE MEAÑO (PONTEVEDRA)”, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL GALICIA 2014-2020, asinado o 1 de setembro de 2016, entre a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a alcaldesa do Concello de Meaño

“Santiago de Compostela, a 1 de setembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia,



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, María Lourdes Ucha Varela, alcaldesa do concello de Meaño, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro.- O concello de Meaño ten atribuídas competencias en materia de abastecemento de auga potable, en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

Os artigos 5.1 a) e 27.1 da lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establecen como competencia das entidades locais o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario. Ademais, o artigo 27.2 establece a competencia das entidades locais en materia de elaboración e aprobación de proxectos de obras e execución de infraestruturas cando se trate de obras da súa competencia así como a explotación dos servizos da súa competencia.

Segundo.- A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a) e, de xeito concreto, no ámbito do abastecemento, a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos municipios (artigo 31.1) e a supervisión das redes básicas de abastecemento en alta (artigo 31). En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

Terceiro.- A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento, terá por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

Cuarto.- O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Quinto.- As actuacións obxecto deste convenio serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), Europa inviste no rural nun 75% do gasto elixible, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) Galicia 2014-2020, aprobado por Decisión de execución da Comisión do C(2015) 8144 final.

Sexto.- As obras que se pretenden executar ao abeiro deste convenio consisten na mellora da rede de abastecemento de auga á aldea de Abaixo e A Igrexa, na parroquia de Covas en Meaño.

Actualmente nestes lugares o subministro de auga para usos domésticos faise con pozos e traídas particulares, e con esta actuación preténdese cubrir este servizo básico con auga procedente da rede de abastecemento municipal, mellorando deste xeito as condicións hixiénicas e o control dos caudais consumidos.

En consecuencia, a execución das obras de abastecemento obxecto deste Convenio trátase dunha competencia atribuída á entidade local, que está ademais vinculada a un servizo público cuxa prestación resulta tamén unha competencia da administración local. Polo tanto, queda acreditado o interese principal do concello na súa promoción.

Non obstante, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, o Concello e Augas de Galicia, cada unha dentro do seu ámbito competencial de acordo co exposto nas cláusulas anteriores, así como o deber de colaboración entre administracións establecido na normativa de aplicación, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación das súas actuacións, motivos polos que, as partes subscriben este convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na “Mellora da rede de abastecemento de auga á aldea de Abaixo e A Igrexa, na parroquia de Covas. Concello de Meaño (Pontevedra)”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

SEGUNDA.- OBRIGAS XERAIS DE AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

1. Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 235 do Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e cos efectos sinalados na cláusula sétima.
As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de modificacións xustificadas das obras, ata que as construcións merezan a plena conformidade de Augas de Galicia, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.
2. Controlar a calidade e a seguranza e saúde das obras de referencia durante a súa execución
3. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, reparar aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.
4. No ámbito das súas facultades, colaborar co Concello no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

TERCEIRA.- OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello obrígase a:

1. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade coa correspondente memoria valorada que Augas de Galicia comunicará ao Concello, sexa esta de igual contido e contía, ou diferente, da enviada, no seu caso, polo Concello a Augas de Galicia. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.
2. A efectiva posta a disposición de Augas de Galicia antes do inicio das obras, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá acreditar o pago ou, no seu defecto, a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos derivados da rápida ocupación.
3. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto, de carácter non local, derivado da construción ou explotación das obras de referencia.

No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.

4. Recibir as obras e, como titular das mesmas, asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.
5. Unha vez dea comezo a explotación das obras de referencia, establecer ou actualizar as tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada para cubrir a explotación e amortización das obras de referencia.
6. A subrogación naqueles contratos de subministro que, se é o caso, tivesen que ser asinados durante o desenvolvemento das obras de referencia para posibilitar a súa execución e que deban ter continuidade unha vez recibidas estas.
7. A utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.
8. No ámbito das súas facultades, colaborar con Augas de Galicia no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.


CUARTA.- OBRIGAS DAS PARTES EN RELACIÓN Á NORMATIVA REGULADORA DO FEADER

As partes asumen as obrigas que lle corresponden conforme a normativa reguladora do FEADER, en particular:

1. As de información e publicidade dispostas no Anexo III do Regulamento de execución (UE) 808/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014
2. As relativas aos investimentos previstas no artigo 45 do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro
3. As estipuladas no Regulamento de execución (UE) 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo
4. As previstas no artigo 71 do Regulamento (UE) 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro do 2013.

QUINTA.- OBRIGAS EN RELACIÓN A MODIFICACIÓN DAS OBRAS

N.I.F.: P-36-02700-A - Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificalas, as citadas modificacións serán aprobadas por Augas de Galicia, debendo o concello remitir a Augas de Galicia a documentación que a entidade considere necesaria, previo requirimento.

Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.

Con respecto a estas hipotéticas modificacións, Augas de Galicia e o Concello acordan que sexa de aplicación o mesmo réxime establecido nas cláusulas segunda e terceira deste convenio.

SEXTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

O custo total para a actuación referencia contemplada neste convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de 28.053,57 euros. Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo á anualidade 2016

A execución das obras de referencia serán cofinanciadas de acordo coas seguintes porcentaxes do gasto elixible:

- Pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), Europa inviste no rural nun 75%, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) Galicia 2014-2020 . As actuacións enmarcaranse dentro do Programa de Desenvolvemento Rural na Medida 07 “servizos básicos e renovación de poboacións en zonas rurais”, Submedida 7.2 “apoio ós investimentos na creación, mellora ou ampliación de todo tipo de pequenas infraestruturas, incluídos os investimentos en enerxías renovables e aforro de enerxía”.
- Por Augas de Galicia nun 17,50 %
- Polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente nun 7,50%

As citadas actuacións executaranse de conformidade co estipulado no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello; e no Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello e o resto da normativa comunitaria de aplicación.

Polo que, deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación aos FEADER. Respetaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo do fondo europeo citado, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de Publicidade e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.

No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local ao ocasionar atrasos na execución das obras ou pola incorrecta explotación do executado, o Concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación de execución das obras de referencia repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os hipotéticos incrementos derivados de posibles modificacións das actuacións serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada nesta cláusula.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

SÉTIMA.- TITULARIDADE E ENTREGA DAS OBRAS

Titularidade das obras.- O concello adquire a titularidade das obras de referencia de xeito orixinario. Esta adquisición a título orixinario obedece ao feito de que a execución das obras de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia, de acordo co establecido neste convenio, de carácter instrumental, de auxilio e de prestación de colaboración técnica e financeira para o exercicio destas competencias por parte do seu lexítimo titular, sen prexuízo de que coa dita asistencia prestada por Augas de Galicia se contribúa tamén a acadar os obxectivos de execución da planificación, coordinación coa entidade local e de garantía dunha subministración eficaz, principio que preside as actuacións de Augas de Galicia neste ámbito.

Entrega.- Augas de Galicia, unha vez producido o acto formal de recepción das obras, poñerá en coñecemento do Concello que, como titular das obras de referencia, asume a obriga de recibilas no momento no que estas sexan postas á súa disposición, iniciándose o cumprimento e a execución por parte do Concello das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste Convenio e da normativa de aplicación en canto á súa explotación, mantemento e conservación.

Para estes efectos, a recepción por parte do Concello da notificación que efectúe Augas de Galicia, onde se deixe constancia do remate das obras de referencia así como da súa recepción en conformidade por parte de Augas de Galicia, suporá a perda da posesión inmediata das instalacións por parte de Augas de Galicia e equivalerá a súa posta a disposición a favor do Concello, entendendo que estas quedan sometidas á esfera da súa vontade. Polo tanto, considerándose entregadas as obras de referencia, darase inicio para o Concello, a partires desta data de recepción da notificación, como titular e posuidor inmediato, ao cumprimento e á execución das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste Convenio e as establecidas na normativa de aplicación en canto á súa explotación, mantemento e conservación.

O réxime anterior será de aplicación no caso de existir recepcións parciais de obra, sempre e cando as obras recibidas por Augas de Galicia en conformidade poidan ser destinados ao uso público con independencia do resto de obra pendente de recibir, cuxa posta a disposición do concello terá lugar, do mesmo xeito, unha vez efectuada a súa recepción.

Non obstante o anterior, Augas de Galicia, de acordo co regulado neste convenio e no disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, conservará, unha vez entregadas as obras de referencia ao Concello, as competencias relativas á inspección facultativa das mesmas e poderá ordenar os traballos necesarios para a boa utilización das obras, o que será de obrigado cumprimento para a entidade local.

OITAVA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do Concello para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.



Actuará como Presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

DÉCIMA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste Convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2016. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio

DUODÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarase a través dunha addenda ao mesmo.

DÉCIMO TERCEIRA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia
- que a Unión Europea non cofinancie as obras a través dos seus Fondos Estruturais ou de Investimento.

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do Convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluíra a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a outra parte deberá notificar á parte incumpridora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumpridos. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

No suposto de que o Convenio se extinga por causas imputables ao Concello, as instalacións executadas ata ese momento se porán a disposición do Concello, considerándose a tódolos efectos entregadas ao Concello titular das mesmas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

Non obstante todo o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula sétima deste convenio.

DÉCIMO CUARTA.- RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA

De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do Dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que contén este convenio, considerase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

DÉCIMO QUINTA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes o presente documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado”

Queda dado conta.

6º.- DAR CONTA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE MEAÑO (PONTEVEDRA) PARA A REPARACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DENA.

A Sra. alcaldesa-presidenta dá contado borrador de CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE MEAÑO (PONTEVEDRA) PARA A REPARACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DENA, asinado o día 22 de setembro de 2016 entre o Secretario xeral para o Deporte e a alcaldesa do Concello de Meaño

“En Santiago de Compostela, a 22 de setembro de 2016

REUNIDOS

O Sr. D. José Ramón Lete Lasa, Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en exercicio das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

O Sra. Dña. María Lourdes Ucha Varela, Alcaldesa do Excmo. Concello de Meaño, actuando de conformidade co disposto nos artigos 21.1. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1. a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Actuando ambos coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren,

EXPOÑEN



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

O Decreto 88/2013, do 30 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias da comunidade autónoma en materia de deportes.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón que os concellos exercerán, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, nas seguintes materias: promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre (artigo 25.2.l).

No marco da lexislación básica do Estado, a Lei 5/1997 establece que os concellos exercerán, entre outras, competencias en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas (artigo 80.2.n), e poderán celebrar coa Xunta de Galicia convenios de cooperación para unha xestión máis eficaz das súas competencias (artigo 198).

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, contempla no seu artigo 8 a posibilidade de colaboración da Administración deportiva autonómica coas administracións locais.

II. As administracións públicas asinantes deste convenio son conscientes de que o incremento e mellora das condicións que exige a práctica deportiva reclama unha mellor dotación de infraestruturas, de forma que permitan dar satisfacción á crecente demanda social existente na materia.

A Secretaría Xeral para o Deporte, no exercicio das súas competencias e funcións, ten previsto na súa planificación de mellora das infraestruturas e dos equipamentos deportivos da Comunidade Autónoma de Galicia, actuacións que permitan a construción ou mellora de instalacións deportivas básicas ou daquelas que presenten un maior interese deportivo. Neste sentido é de interese da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, a colaboración coas administracións locais para o fomento do deporte no ámbito municipal.

A necesidade de levar a cabo esta actuación, ven determinada pola importancia que para a promoción da práctica de actividade física e deportiva no Concello de Meaño ten garantir o axeitado estado da actual dotación de instalacións deportivas existente, e elo a través da reparación do pavillón municipal de Dena, sendo esta unha actuación imprescindible para continuar co uso da instalación referida, toda vez que, na actualidade, se atopa en estado deficiente. Desta circunstancia derivanse as razóns que acreditan o interese público da actuación, e xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, de acordo con disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo tamén ao establecido no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Por todo o anterior, a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de Meaño deciden subscribir este convenio que se suxeitará ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira: OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de Meaño para a reparación do pavillón municipal de Dena, segundo o recollido na memoria técnica "Instalación de ventilación mecánica e reparación da cuberta en pavillón municipal de Dena-Concello de Meaño" redactada polo Arquitecto José Antonio Sueiro Sueiro.

Segunda: COFINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de TRINTA E UN MIL CENTO SESENTA E DOUS EUROS CON SETE CÉNTIMOS DE EURO (31.162,07 €) IVE incluído.

A Secretaría Xeral para o Deporte subvencionará ditas actuacións achegando ao Concello de Meaño a cantidade de VINTE MIL EUROS (20.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.441A.760.0 (código de proxecto 2013 000 39) do seu orzamento de gastos para o exercicio 2016 co fin de posibilitar a contratación da obra á que se refire o presente convenio, de acordo coa seguinte cantidade:

Anualidade 2016:20.000,00€

Pola súa banda o Concello de Meaño achegará con cargo aos seus créditos orzamentarios a cantidade de ONCE MIL CENTO SESENTA E DOUS EUROS CON SETE CÉNTIMOS DE EURO (11.162,07€) que se imputarán con cargo á partida municipal 342 63202 do seu orzamento de gastos para o exercicio 2016:

Anualidade 2016..... 11.162,07€



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Terceira: OBRIGAS DO CONCELLO DE MEAÑO

1.- As obras serán realizadas polo contratista que fora seleccionado polo Concello de Meaño dando conta á Secretaría Xeral para o Deporte da elección, así como de calquera modificación do proxecto, prórrogas de prazos establecidos na adxudicación ou alteracións de calquera outros elementos básicos que configuren as actuacións.

En tódolos casos de contratación con terceiros, o Concello actuará con suxeición, tanto na tramitación do procedemento de contratación, como na execución do contrato administrativo, ao establecido no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, atendendo tamén ao preceptuado no artigo 12 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

2.- Son obrigas do beneficiario as sinaladas nos artigos 14 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 11 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sinaladamente as seguintes:

a) O Concello quedará obrigado a asumir ao seu cargo os aumentos que se produzan, no caso de que o custo das obras ou equipamentos resulte superior á valoración prevista no orzamento, ou ben se deriven de revisión dos prezos adicionais, prórrogas e outros supostos.

b) Redactar e remitir o proxecto ou documento técnico e as súas especificacións, que deberán contar coa autorización e aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte. O proxecto ou documento técnico e as súas especificacións deberán contar cos informes, permisos e/ou autorizacións que sexan preceptivos.

c) As licenzas, autorizacións administrativas, contratación de servizos e subministracións, así como os impostos e taxas de aplicación aos pagos dos conceptos incluídos e previstos na execución do proxecto, serán por conta do Concello.

d) O Concello, quedará obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

e) Deberá destinar os bens adquiridos ou sobre os que se realicen as obras ao fin concreto para o que se lle concedeu a subvención, por período non inferior a cinco anos, ao tratarse de bens inscribibles nun rexistro público.

O incumprimento da obriga de destino referida no parágrafo anterior será causa de reintegro nos termos establecidos ao efecto no artigo 37 da Lei 38/2007, do 7 de novembro, xeral de Subvencións, e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido nos termos legalmente previstos.

f) No caso de que o beneficiario incumprise o establecido neste convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte, poderá revogar a subvención concedida logo da audiencia do interesado.

3.- Será responsabilidade do concello a elaboración da documentación necesaria para dar cumprimento á normativa de seguridade e saúde, especialmente ao establecido na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE núm. 269 do 10.11.1995) e no Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (BOE núm. 256 do 25.10.1997). Prestarase especial atención no caso de que a actuación comprenda algún dos traballos que implican riscos especiais para a seguridade e a saúde dos traballadores, recollidos no anexo II do RD 1627/1997.

Así mesmo, é responsabilidade do concello a designación do coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra, no caso de que sexa necesario de acordo co establecido no artigo 3.2 do RD 1627/1997.

Cuarta: BAIXAS DE ADXUDICACIÓN E INCIDENCIAS NA EXECUCIÓN

As achegas económicas comprometidas, veranse diminuídas en igual proporción que a que resulte de imputar as baixas que se obteñan nas respectivas adxudicacións. As baixas aplicaranse dende o primeiro momento, axustando a cantidade resultante a subvencionar.

Quinta: XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS

De acordo co artigo 28.5 da Lei 9/2007 e co artigo 8 do Decreto 193/2011, o Concello de Meaño estará obrigado a xustificar o cumprimento da finalidade da subvención á realización da actividade e o seu custo real mediante a presentación cunha conta xustificativa integrada con carácter xeral pola documentación que se relaciona no artigo 10 do Decreto 193/2011 e que incorporará en todo caso a certificación da intervención ou do órgano de teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En todo caso, na xustificación deberá acreditarse o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios, así como doutras subvencións ou recursos á actuación subvencionada.

O prazo para presentar a xustificación será antes do 15 de novembro da anualidade correspondente sen que poida exceder do importe previsto para cada unha delas. Este prazo poderá ampliarse ata a data máxima do 26 de decembro de 2016, previa petición



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

motivada e por escrito do Concello. Os pagos efectuaranse unha vez examinada e conformada a xustificación presentada polo concello.

Sexta: CONCORRENCIA CON OUTRAS AXUDAS

As axudas contempladas neste convenio son compatibles con outras que poida acadar o concello, sempre que a suma de toda elas non supere o investimento total real.

Antes do primeiro pagamento, o concello achegará unha declaración do conxunto de tódalas solicitudes de subvención efectuadas, ou concedidas, para as obras obxecto deste convenio, diante das administracións públicas competentes ou doutros entes públicos.

No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o Concello presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes da resolución, para este proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Sétima: PUBLICIDADE DAS OBRAS

No exterior da instalación ou do recinto, o Concello fixará un cartel informativo da natureza das obras obxecto de execución, coa indicación expresa das administracións públicas que colaboran no seu financiamento.

O tratamento tipográfico identificativo de ambas entidades e dos seus logotipos ou anagramas será idéntico.

Oitava: REXISTROS PÚBLICOS DE AXUDAS

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, o concello consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos á subvención obxecto deste convenio nos rexistros públicos citados, creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Novena: COMPROBACIÓN E RECEPCIÓN DAS OBRAS

A Secretaría Xeral para o Deporte, poderá efectuar cantas comprobacións estime oportunas, con carácter previo á realización da proposta de calquera dos pagamentos parciais ou do final, incluíndo a comprobación da execución material do investimento que poderá realizar a través dun funcionario da Secretaría Xeral para o Deporte ou da persoa que designe.

A recepción das obras farase polo Concello, quen dará conta dela á Secretaría Xeral para o Deporte.

Décima: XESTIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS

A xestión, mantemento e conservación da instalación deportiva, que terá como destino un uso ou servizo público de carácter deportivo, será responsabilidade exclusiva do concello, e serán de conta deste a totalidade dos gastos que xere. A asunción de tal responsabilidade producirase desde o día seguinte ao de realización da acta de recepción das obras, logo da oportuna comunicación da Secretaría Xeral para o Deporte.

Esta circunstancia non obviará a responsabilidade que á sociedade adxudicataria lle corresponda na policía e conservación das obras ata a recepción definitiva pola administración contratante.

O concello garante o uso gratuíto da instalación cando se precise para posibilitar a celebración de competicións deportivas oficiais organizadas ou promovidas pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Así mesmo, o concello comprométese a favorecer e facilitar a celebración de competicións deportivas de carácter oficial promovidas polas distintas federacións deportivas de Galicia. No caso de conflito ou discrepancia, a administración contratante da instalación, por solicitude dalgunha das partes, poderá actuar como árbitro.

No suposto de que a xestión sexa encomendada a terceiros as obrigas anteriores deberán constar como carga no correspondente prego de bases.

Undécima: VIXENCIA E DENUNCIA DO CONVENIO

O período de vixencia do convenio comezará ao día seguinte da súa sinatura e estenderase ata o 31 de decembro do ano 2016 sen prexuízo da posibilidade de prorrogar dito período en virtude de causa debidamente xustificada.

A denuncia, que requirirá o acordo previo do órgano competente da administración que a pretenda, producirá efectos aos noventa (90) días da súa presentación diante da comisión á que se refire a cláusula décimo terceira, logo da liquidación das obrigas pendentes de cumprir pola parte que a formule.

O incumprimento das cláusulas deste convenio será causa bastante para a súa denuncia.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Duodécima: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E INTERPRETACIÓN

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

Na comisión de seguimento e control informarase sobre os acordos de modificacións ou variacións que poidan producirse na execución do proxecto para a súa aprobación, conforme as limitacións da normativa vixente que sexa de aplicación. Cando estas impliquen modificación do orzamento, a Administración da Xunta de Galicia non asumirá compromisos económicos que impliquen incrementar a contía das anualidades establecidas na cláusula segunda.

En calquera caso, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas polo secretario xeral para o Deporte.

Décimo terceira: LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN, NATUREZA DO CONVENIO E XURISDICIÓN COMPETENTE

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e demais normativa que sexa de aplicación.

Este convenio é de natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Baixo os termos referidos e en proba de conformidade, asínase este convenio de cooperación en triplicado exemplar no lugar e data indicados."

Queda dado conta.

7º.- DAR CONTA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O CONCELLO DE MEAÑO, DE CARA A INSTRUMENTAR A COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA, DE PREVENCIÓN DA SITUACIÓN DA DEPENDENCIA E DO AGRAVAMENTO DESTA, ASÍ COMO DA PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL.

A Sra. alcaldesa-presidenta dá conta do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O CONCELLO DE MEAÑO, DE CARA A INSTRUMENTAR A COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA, DE PREVENCIÓN DA SITUACIÓN DA DEPENDENCIA E DO AGRAVAMENTO DESTA, ASÍ COMO DA PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL que se está a tramitar e no que se incluírá o programa de actividades que o Concello está a desenvolver no Centro Social Polivalente, que ata este ano cofinanciaba a Deputación Provincial de Pontevedra

"En Santiago de Compostela, a

REUNIDOS

O Sr. D. José Manuel Rey Varela, na súa condición de conselleiro de Política Social,



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

nomeado polo Decreto 126/2015, do 4 de outubro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991). e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

Doutra parte, o **Sra. Dona. María Lourdes Ucha Varela**, representante do Concello de Meaño, con Identificación Fiscal nº P3602700A, en calidade de Alcaldesa do Concello de Meaño, Rúa Campo da Feira, nº 1,36968 Meaño (Pontevedra), en uso das facultades que lle veñen atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente Convenio de Colaboración,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Estatuto de Autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e de facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

Que a comunidade autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Segundo.- Que segundo o Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que lle fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a Consellería de Política Social é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía de Galicia e coa Constitución Española, propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar, que engloban, entre outras as competencias en materia de



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención aos discapacitados e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

Que con carácter específico, corresponden, entre outras, á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, a elaboración das propostas para a formulación das políticas dirixidas ás persoas maiores e persoas con discapacidade da Consellería de Política Social en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores e persoas con discapacidade na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

Terceiro.- De conformidade co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e na lexislación de aplicación sobre réxime local, corresponden aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeneral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

- a. A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.
- b. A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59, punto i, da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- c. A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrutilización dos equipamentos sociais.
- d. A promoción e realización de estudos e investigacións sobre a problemática dos servizos sociais no ámbito local e a divulgación dos resultados obtidos nos mesmos.
- e. A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.
- f. A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade coo previsto no artigo 48 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- g. A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.
- h. O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

- i. A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.
- j. A coordinación dos servizos sociais cos restantes servizos municipais e das restantes administracións no desenvolvemento dos plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.
- k. Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente

Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente.

A Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

Cuarto.- O carácter singular deste convenio en base ás razóns que acreditan o interese social do mesmo, radican no análise das circunstancias demográficas deste Concello, da cobertura de servizos sociais públicos actuais e da estimación da poboación maior dependente que demandará un servizo asistencial. Así o Concello de Meaño actualmente conta con 5.382 habitantes, dos cales 1.215 son persoas maiores de 65 anos (22,57% da poboación) e non conta con cobertura pública de ningún equipamento de atención a persoas maiores ou de promoción da autonomía persoal por parte da Xunta de Galicia, máis alá do programa de servizo de axuda no fogar e dun centro social polivalente. Dos estudos realizados se estima que nos vindeiros anos 115 persoas estarán en situación de dependencia a causa de demencia e demandarán, por tanto, algún tipo de servizo asistencial desvelando a necesidade da creación de prazas de atención residencial no ano 2020 con obxecto de poder satisfacer a demanda futura de atención residencial, tendo en conta que neste momento neste Concello non existe ningunha praza de atención residencial nin pública nin privada. Polo tanto tendo en



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

conta as circunstancias particulares deste Concello, a súa situación xeográfica na Área Xeográfica de Pontevedra, na que a prevalencia de demencia é dun 10,31% por cada persoa maior de 65 anos e cunha cobertura de atención residencial dun 1,72% e a que a situación económica actual non posibilita a cobertura das prazas de atención necesaria segundo os estudos técnicos, artículase este convenio de colaboración de cara a fomentar a realización de programas e actividades dirixidos á atención de persoas en situación de dependencia, de prevención da situación de dependencia e do agravamento desta, así como de promoción da autonomía persoal das persoas maiores residentes nese Concello e co obxectivo de mitigar no futuro as necesidades de atención residencial que se estiman. Todo elo xustifica a dificultade da súa convocatoria pública e o seu carácter singular.

En relación ás razóns que motivan a concesión de forma directa desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, en base aos artigos 19.4,c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, radica na particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve estes programas que é o Concello de Meaño. Así o artigo 64 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, prevé que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

Os servizos sociais comunitarios específicos, competencia das entidades locais, desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado. Sen perxuízo da súa dedicación a colectivos con problemáticas concretas, os servizos sociais comunitarios específicos actuarán, en tanto que servizos de proximidade, na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida (art. 25 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento).

Os programas e actividades previstas neste convenio teñen encaixe entre as funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos tal que:



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

- A atención de persoas maiores en equipamentos e servizos que faciliten a súa socialización activa, a prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal.
- A xestión doutros equipamentos sociais non residenciais destinados ao desenvolvemento de programas para sectores da poboación con necesidades sociais diferenciadas que posibiliten o logro dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais.

Polo tanto á dificultade da súa convocatoria pública radica que, en tanto que servizos de proximidade que deberán de actuar na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida, deben de ser prestados pola entidade local competente, neste caso o Consello de Meaño, e a colaboración da Xunta de Galicia neste aspecto se basea na propia Lei de servizos sociais de Galicia que incide especificamente na cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

Quinta.- Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración de cara á elaboración de accións ou programas conxuntos no eido da atención ás persoas maiores, especialmente na atención á dependencia, no fomento da autonomía persoal, na prevención da situación de dependencia e no agravamento desta.

En virtude do exposto e recoñecendo ambas dúas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das actuacións que o Concello de Meaño ten previsto desenvolver durante o ano 2016, de cara á realización de programas e actividades dirixidos á atención de persoas en situación de dependencia, de prevención da situación de dependencia e do agravamento desta, así como de promoción da autonomía persoal das persoas maiores residentes nese Concello, mediante unha concesión de forma directa en base aos artigos 19.4,c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

As actividades que reúne o convenio son:

- Programas e actividades de habilitación e terapia ocupacional.
- Estimulación cognitiva no fogar ou en equipamentos especiais:
Realización de obradoiros de estimulación cognitiva e funcional en centros de atención a persoas maiores. Para as persoas que teñen dificultades de acceso aos centros as actividades de estimulación cognitiva se realizarán no fogar.
- Programas e servizos de promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional.
- Servizos de apoios persoais e coidados en equipamentos especiais.
- Programas de formación sobre hábitos de vida saudable, prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal.

SEGUNDA.- Relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins deste convenio o Concello poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas.

A subscrición do presente Convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

TERCEIRA.- Documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o Concello presentará xunto co programa de actividades a desenvolver no convenio a seguinte documentación:

- Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.



- Declaración responsable, subscripta polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De conformidade co artigo 71 bis da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, esta declaración responsable deberá incluír manifestación expresa sobre o cumprimento dos requisitos indicados para obter a condición de beneficiaria de subvencións, así como o compromiso de manter os ditos requisitos durante todo o período de tempo inherente ao exercicio ou recoñecemento do dereito ao cobro da subvención.

- Declaración responsable do cumprimento da obriga establecida no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, en canto ao cumprimento do deber de remisión al Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

CUARTA.- Orzamento e gastos imputables

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social aportará **vinte mil euros (20.000,00 €)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **12.04.312D.460.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos de natureza corrente efectivamente realizados para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula primeira. A estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os previstos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

QUINTA.- Forma de pagamento e documentación xustificativa

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

Segundo o artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. O Concello está obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas, agás para o anticipo do 10% que se sinala nesta mesma cláusula, segundo o disposto no punto segundo do citado artigo.

O Concello está obrigado a xustificar ante a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, o cumprimento da finalidade do Convenio, a realización da actividade e o seu custo real, mediante unha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona de seguido e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto efectuado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Segundo o disposto no artigo 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, a conta xustificativa conterá:

- a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- 1.º O cumprimento da finalidade da subvención, con especificación das actuacións desenvolvidas en execución deste convenio e dos resultados acadados.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non será exixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- c) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular o Concello nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 10% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) Ata o 80% do total da subvención concedida (incluíndo nesta porcentaxe a contía pagada con carácter de anticipo) poderán acordarse ata cinco pagamentos parciais, a medida que o beneficiario xustifique ter realizado un gasto equivalente, mediante certificación do responsable da entidade xunto coa documentación recollida nesta cláusula (conta xustificativa).

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- c) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do convenio e aportando a documentación indicada nesta cláusula (conta xustificativa).

En todo caso o prazo da xustificación total da subvención deste convenio rematará o día 10 de decembro de 2016. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

SEXTA.- Subcontratación



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

O Concello é o beneficiario directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Consellería. Non obstante, poderá subcontratar a execución total no 100% ou parcial das actividades, con empresas dedicadas especificamente a servizos ou programas de atención á dependencia, de promoción da autonomía persoal e de prevención da situación de dependencia, ben en equipamentos especiais ou ben a través de programas, sempre que estas empresas contes cos requisitos regulamentariamente establecidos, xustificando que estas se realizan consonte as condicións normais de mercado.

A estes efectos será de aplicación o establecido nos artigos 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SÉTIMA.- Obrigas da entidade beneficiaria

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario estipulados no artigo 10 desa Lei.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen: “subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social”, co seu respectivo logotipo.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Asemade o Concello ten a obriga de subministración de información prevista no artigo 4 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e as consecuencias do seu incumprimento.

A entidade asinante do convenio, en tanto que beneficiaria dunha subvención, estará obrigada a subministrar á Administración da Xunta de Galicia, logo de requerimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I “Transparencia da actividade pública” da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno. No caso de incumprimento desta obriga estarase ao disposto no artigo 4.4 da citada Lei.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

OITAVA.- Vixencia e efectos

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2016.

Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase o concello dende o 1 de xaneiro de 2016 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

NOVENA.- Publicidade, seguimento, colaboración e tratamento dos datos persoais

De conformidade co previsto na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a entidade beneficiaria da axuda autoriza expresamente a inclusión e publicidade dos datos da entidade nos rexistros públicos de axudas para o seu tratamento necesario.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a normativa de desenvolvemento. Os datos persoais recollidos na tramitación deste convenio, cuxo tratamento e publicación autorice á persoa beneficiaria, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» creado pola Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a sxt.politica.social@xunta.gal.

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



DÉCIMA.- Autorización o consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan/consinten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto integro do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento composta por dous representantes designados polo Concello e dous representantes da Consellería de Política Social, para levar a cabo o seguimento e avaliación das accións previstas no presente convenio.

Esta comisión, a presidencia da cal a ostentará un dos representantes da administración, reunirse cando así o solicite algunha das partes.

DÉCIMO SEGUNDA.- Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, aplicándose os principios do RD lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse, segundo o disposto no artigo 4.2 da dita lei; no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución, serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, se a resolución fose expresa, ou tres meses si se tratase dun acto presunto, contado a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa normativa específica se produza o acto presunto, segundo o previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro; ou poderán interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998,



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado."

Queda dado conta.

8º.- ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, REFERIDA AO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta do escrito do PSdeG-PSOE, que tivo rexistro de entrada de data 12-09-2016, nº 4961, que pasa a ler a Sra. García Fernández:

O PLENO DO CONCELLO DE MEAÑO

A Agrupación Socialista de Meaño, a través da súa voceira Icíá García Fernández, solicita que se reúna a Comisión Informativa Correspondente para que dictamine favorable esta proposición para incluíla na orde do día e no próximo pleno do mes de outubro e, ao mesmo tempo, que **sexa votada e debatida**.

O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño a través da súa voceira Icíá García Fernández e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **PROPOSICIÓN, referida a Impostos sobre Bens Inmóbles (IBI)**

O Imposto de Bens Inmóbles é a ferramenta de recadación e de xeración de ingresos propios máis importante da que dispón un concello. Esta recadación permite afrontar boa parte dos gastos e das inversións municipais, gravando os inmóbles dos veciños de Meaño.

No caso do IBI, asistimos a situacións nas que bens inmóbles situados nas parroquias soportan unha carga fiscal proporcionalmente máis elevada que os propietarios de inmóbles situados no casco urbán, xa que en ocasións as vivendas rurais carecen dalgúns dos servizos básicos que son competencia municipal, tales como abastecemento de auga potable ou saneamento público.

Outro colectivo gravado polo IBI sería o das Asociacións ou Agrupacións sen ánimo de lucro que son propietarias de bens inmóbles e que, pola súa natureza, resúltalles difícil cumprir coa obriga deste imposto.

Por estas razóns, cremos que se debe proceder a unha reformulación da cota tributaria establecendo bonificacións para aqueles contribuíntes propietarios de inmóbles cun nivel insuficiente de servizos básicos de titularidade municipal e exencións para os colectivos sen ánimo de lucro.

De acordo con todo o anterior, sómese á consideración do Pleno da Corporación á aprobación da seguinte **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA:**

1. Modificar o apartado c) do punto 4 do Artigo 2, referido nos seguintes termos:

Os Bens inmóbles localizados en zonas rurais e que dispoñan dun insuficiente nivel de servizos básicos de titularidade municipal (auga e saneamento) gozarán dunha bonificación nas condicións que a continuación se determinan:

a) Carencia de dous servizos básicos: 60%



b) Carencia dun dos servizos básicos: 30%

A bonificación terá que ser solicitada polo interesado/a e concederáse, previa comprobación da carencia dos servizos básicos de titularidade municipal, polo departamento ou departamentos municipais que xestionen aqueles servizos.

O beneficio permanecerá en tanto non se dote de servizos ás devanditas vivendas.

O área ou áreas municipais que xestionen estes servizos comunicarán ao concello cada actuación que aporte algún dos servizos básicos aos domicilios indicados neste apartado.

O Concello informará ao suxeito pasivo a perda ou modificación deste beneficio fiscal.

2. Crear un apartado 3 no Artigo 4º, referido nos seguintes termos:

3. Estarán exentos do Imposto sobre Bens Inmóbles os bens dos que sexan titulares as Asociacións ou Agrupacións sen ánimo de lucro con domicilio social no termo municipal.”

Toma a palabra a Sra. alcaldesa, quen sinala que en sesións anteriores a Sra. García Fernández solicitou exemplos de qué sería unha moción e de qué sería un rogo e o asunto plantexado neste escrito sería un exemplo de moción, xa que se somete a coñecemento do Pleno unha proposta sobre unha materia da súa competencia, engadindo que en calquera caso o Pleno ten que ratificar a inclusión no orde día do asunto proposto para debatilo e votalo engadindo que o grupo de goberno non apoiará a súa ratificación dado que este asunto require un estudo previo.

Sometida a votación ordinaria a ratificación da inclusión no orde día do asunto proposto para debatilo e votalo, acadase un resultado de empate por seis votos a favor, dos membros do Grupo municipal de MI e PSdeG-PSOE, e seis en contra, dos membros do Grupo municipal do PP. Efectuado unha nova votación persiste o mesmo resultado empate decidindo a Sra. alcaldesa-presidenta, co seu voto de calidade, a non procedencia da inclusión no orde día da proposta contida no escrito presentado polo Grupo municipal do PSdeG-PSOE referida ao Imposto sobre Bens Inmóbles.

9º.- ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, REFERIDA AO ACONDICIONAMENTO DO PARQUE SITUADO EN CONSTENLA (COBAS).

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta do escrito do PSdeG-PSOE, que tivo rexistro de entrada de data 12-0-201, nº 4960, que pasa a ler a Sra. García Fernández:

“A Agrupación Socialista de Meaño, a través da súa voceira Icíá García Fernández, solicita que se reúna a Comisión Informativa Correspondente para que dictamine favorable esta proposición para incluíla na orde do día e no próximo pleno do mes de outubro e, ao mesmo tempo, que **sexa votada e debatida**.

O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño a través da súa voceira Icíá García Fernández e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **PROPOSICIÓN, referida ao acondicionamento do parque situado en Constenla, Cobas**.

Cobas, ao igual que todas as demais parroquias, presenta parques infantís para o divertimento dos cativos.

Así, esta parroquia conta cun dos parques máis visitados, o que está na localidade de Constenla.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Dada a importancia que estes espazos teñen no noso concello, debemos buscar un bo acondicionamento dos mesmos.

Tamén hai que recordar que Cobas é coñecida turísticamente polas súas tabernas, bares e furanchos, mobilizando gran cantidade de turistas e visitantes, que acoden a esta parroquia a comer ou cear, en moitos casos acompañados de menores. Na meirande parte dos casos, os nenos que veñen coas familias pasean pola zona e logo entretéñense xogando en devandito parque.

Sen embargo, as condicións nas que se atopa esta área recreativa poderíanse ter mellorado. Así, é necesario que as augas que acometen a zona queden ben recollidas. Por elo, sería preciso realizar un drenaxe da auga que se xenera no propio solo e a da fonte e desvialas polo regato que está situado ao lado do parque.

Ao mesmo tempo, sería conveniente dotalo dun piso axeitado, de láminas de caucho, para unha mellor seguridade dos usuarios.

Ademais, aproveitando estas melloras, poderíase dotar de aparellos para un “Parque Biosaludable”, o que suporía unha maior participación de persoas.

Como mostra, a continuación ensínanse unhas imaxes que corroboran o dito:

De acordo con todo o anterior, sómese á consideración do Pleno da Corporación á aprobación da seguinte **PROPOSTA**:

1. Instar á Alcaldía e/ou ao Grupo de Goberno a realización dun bo drenaxe para a recollida das augas, a colocación de láminas de caucho no solo, así como a instalación de aparellos para un Parque Biosaludable.”

Toma a palabra a Sra. alcaldesa, quen sinala que a proposta plantexada é un rogo ao conter a formulación dunha proposta de actuación dirixida ao equipo de goberno e que como tal quedará recollida.

Toma a palabra a Sra. García Fernández sinalando que se vai ampliando o listado.

Sinala o Sr. Ásprez Montes que, todo que sexa mellorar instalacións, realizar obras ou ampliar servizos ou seu grupo o apoia.

10º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Aos efectos do control e fiscalización da xestión dos órganos de goberno a que se refire o artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dáse conta ao Pleno das resolucións adoptadas pola Presidencia, no período comprendido entre o día 9 de agosto de 2016 ao 10 de outubro de 2016, números 384 a 513, sobre diversas materias:

Resolucións da Alcaldía 09-08-2016 a 10-10-2016

<u>Nº</u>	<u>Data</u>	
Pagos / Económicas		
386/2416	11/08/2016	Resolución de pagos.
420/2586	31/08/2016	Resolución de aprobación de pagos de agosto.
422/2588	25/08/2016	Asignación de complemento de produtividade.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

423/2604	01/09/2016	Resolucion de pago de nóminas agosto.
424/2605	01/09/2016	Resolución de orden de transferencia de pago de agosto.
443/2669	08/09/2016	Elevar a definitivo acordo provisorio de aprob. do exp. de modif. de créditos o Orzamento Municipal 2016.
453/2691	09/09/2016	Resolución de aprobación de pagos.
472/2788	16/09/2016	Expediente de Xeración de Crédito 5/2016.
492/2924	26/09/2016	Expediente de Xeración de Crédito 6/2016.
506/2969	03/10/2016	Resolución de pago de nóminas setembro.

Padrón Municipal de Habitantes

384/2406	10/08/2016	Cambio de domicilio dentro do municipio de C.V.L.
385/2415	11/08/2016	Inclusión no P.M.H. de D.C.A.
391/2431	12/08/2016	Inclusión no P.M.H. de A.M.T. e outros.
393/2491	23/08/2016	Inclusión no P.M.H. de E.S.A. e outros.
394/2495	23/08/2016	Inclusión no P.M.H. de ML.S.C.
401/2508	24/08/2016	Inclusión no P.M.H. de C.O. RB.
432/2623	02/09/2016	Inclusión no P.M.H. de J.Q.O.
433/2624	02/09/2016	Inclusión no P.M.H. de S.F.JA
434/2625	02/09/2016	Inclusión no P.M.H. de S.D.CG
435/2626	01/09/2016	Cambio de domicilio dentro do municipio de R.CH.MT
436/2627	31/08/2016	Inclusión no P.M.H. de N.R.A. e outros.
439/2641	06/09/2016	Inclusión no P.M.H. de P.V.S.
448/2679	08/09/2016	Inclusión no P.M.H. de D.N.
449/2680	08/09/2016	Inclusión no P.M.H. de C.H.M.
450/2681	08/09/2016	Inclusión no P.M.H de V.B.Y.
451/2682	08/09/2016	Inclusión no P.M.H. de F.E.EH. e outros.
456/2697	12/09/2016	Inclusión no P.M.H. de M.G.J.
469/2783	16/09/2016	Cambio de domicilio dentro do municipio de S.R.P. e outros.
470/2784	16/09/2016	Inclusión no P.M.H. de I.G.G.
471/2785	16/09/2016	Inclusión no P.M.H. de O.R.M. e outros.
474/2812	19/09/2016	Inclusión no P.M.H. de G.R.J.
476/2817	19/09/2016	Inclusión no P.M.H. de LA.S.V.
481/2829	20/09/2016	Inclusión no P.M.H. de T.F.M.
482/2831	20/09/2016	Inclusión no P.M.H. de MC.G.O.
483/2842	01/09/2016	Cambio de domicilio dentro do municipio de B.G.L.
484/2843	21/09/2016	Inclusión no P.M.H. de C.F.M.
485/2889	22/09/2016	Tramitación expedientes de baixas de oficio.
491/2918	23/09/2016	Inclusión no P.M.H. de P.C.V.
500/2943	28/09/2016	Inclusión no P.M.H. de V.G.CD.
501/2945	28//09/2016	Cambio de domicilio dentro do municipio de J.P.P. e outros.
507/2016	04/10/2016	Cambio de domicilio dentro do municipio de AC.A.D.S.

Varios

387/2419	11/08//2016	Conv. Membros comisión valoración contratación 2 peóns limpadores.
388/2420	11/08/2016	Delegación de celebración de matrimonio civil.
389/2424	12/08/2016	Execución subsidiaria de orde de execución de limpeza de fincas en Baiuca
390/2429	12/08/2016	Prestación do servizo de limpeza de fincas en Baiuca – Padrenda.
392/2435	12/08/2016	Contratación traballadores desempregados ó abeiro da Orde do 29/12/15 da C. de Economía, Emprego e Industria.
395/2501	23/08/2016	Lista prov. aspirantes admitidos e excluídos contratación Profesores Escola de Música.
396/2502	23/08/2016	Lista prov. aspirantes admitidos e excluídos contratación fisioterapeuta.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

397/2503	23/08/2016	Lista prov. aspirantes admitidos e excluídos contratación monitores impartición actividades.
398/2504	23/08/2016	Lista prov. aspirantes admitidos e excluídos contratación cuidadores aula acollida e comedor.
399/2505	23/08/2016	Lista definitiva aspirantes admitidos e excluídos contratación Limpadores/as
400/2506	23/08/2016	Lista definitiva aspirantes admitidos e excluídos contratación mestre e técnico escola infantil 0-3 anos.
402/2516	24/08/2016	Convenio colab. entre Augas de Galicia e Concello de Meaño para a execución da actuación da "Mellora da rede de abastecemento de auga a Aldea de Abaixo e Igrexa en Covas, cofinanciado co FEADER.
403/2519	24/08/2016	Inic. Exp. orde de execución limpeza de finca en Tanoira – Padrenda.
404/2520	24/08/2016	Inic. Exp. orde de execución limpeza de finca en Igrexa – Simes.
405/2521	24/08/2016	Inic. Exp. orde de execución limpeza de finca en Tanoira – Padrenda.
406/2522	24/08/2016	Inic. Exp. orde de execución limpeza de finca en Tanoira – Padrenda.
407/2523	24/08/2016	Inic. Exp. orde de execución limpeza de finca en Tanoira - Padrenda.
408/2524	24/08/2016	Inic. Exp. orde de execución de limpeza de finca en Tanoira – Padrenda.
409/2525	24/08/2016	Inic. Exp. orde de execución limpeza de finca en Tanoira – Padrenda.
410/2536	25/08/2016	Inic. Exp. orde de execución limpeza de finca en Tanoira – Padrenda.
411/2537	25/08/2016	Inic. Exp. orde de execución limpeza de finca en Tanoira – Padrenda.
412/2544	26/08/2016	Expediente de orde de pago a xustificar.
413/2547	26/08/2016	Terminación exp. orde de execución limpeza de finca en Baiuca – Padrenda
414/2574	30/08/2016	Autorización de tirada de fogos o día 11 de setembro de 2016 en Meaño.
415/2577	30/08/2016	Inic. Exp.orde de execucion de limpeza de finca no paraxe de Campo Cepo.
416/2578	30/08/2016	Inic. Exp. orde de execucion de limpeza de finca na Tomada da Cancela.
417/2579	30/08/2016	Inic. Exp. orde de execución de limpeza de finca en Rozas .
418/2580	31/08/2016	Inic. Exp. orde execución de limpeza de finca en Carregal.
419/2585	31/08/2016	Convocatoria de mesa de contratación desempate acadado na clasificación das ofertas presentadas na obra: Reconstrucción de fachadas e cuberta do pavillón deportivo de Xil.
421/2587	31/08/2016	Contratatación limpadoras edificios municipais.
425/2606	01/09/2016	Requirimento de documentación exp. contratación obra: Reconstrucción de fachadas e cuberta do pavillón deportivo de Xil.
426/2609	02/09/2016	Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para contratación fisioterapeuta.
427/2610	02/09/2016	Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para contratación de monitores para impartición de actividades.
428/2613	02/09/2016	Inic. Exp. orde de execución limpeza de finca en Coirón – Dena.
429/2615	02/09/2016	Inic. Exp. orde de execución limpeza de finca en Bouza – Padrenda.
430/2619	02/09/2016	Inic. Exp. orde de execución limpeza de finca en Fondóns.
431/2620	02/09/2016	Inic. Exp. orde de execucion limpeza de finca en Ameiró – Dena.
437/2631	05/09/2016	Convocatoria mesa contratación obra: Mellora da rede de saneamento no lugar de Pereiras.
438/2639	06/09/2016	Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para contratación profesores Escola de Música.
440/2654	06/09/2016	Aprobación proxecto técnico da obra Ensanche e pavimentación do camiño rural de Quintáns – Igrexa.
441/2657	07/09/2016	Apertura de nova convocatoria da praza de fisioterapeuta.
442/2658	07/09/2016	Prestación do servizo de desbroce das marxes de camiños municipais.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

444/2671	08/09/2016	Req. Subsanación documentación exp. de contratación obra: Reconstrucción de fachadas e cuberta do pavillón deportivo de Xil.
445/2073	07/09/2016	Inic. Exp. orde de execución limpeza de finca en Pazo do Monte – Padrenda.
446/2674	07/09/2016	Inic. Exp. orde de execucion limpeza de finca en Tanoira – Padrenda.
447/2675	07/09/2016	Inic. Exp. orde de execución limpeza de finca en Carballeira.
452/2690	09/09/2016	Exp. contratación do servizo de actuación musical.
454/2692	09/09/2016	Contratación coidadoras aula de acollida comedor escolar CEIP Coirón – Dena.
455/2694	12/09/2016	Exp. contratación do servizo de control de calidade da obra: Mellora nos camiños rurais: Tanoira/Padrenda e S. Mauro – Meaño.
457/2713	13/09/2016	Nomeamento de membros das mesas electorais que resultaron excusados.
458/2717	13/09/2016	Inic. Exp. execución de limpeza de finca en Trubisquido – Meaño.
459/2718	13/09/2016	Inic. Exp. execucion de limpeza de finca en A Toxa.
460/2719	13/09/2016	Inic. Exp. execución de limpeza de finca en A Toxa.
461/2720	13/09/2016	Inic. Exp. execucion de limpeza de finca en A Toxa.
462/2722	14/09/2016	Inic. Exp. execución de limpeza de finca en A Toxa.
463/2713	12/09/2016	Inic. Exp. execucion de limpeza de finca en Ameiró.
464/2724	12/09/2016	Inic. Exp. execucion de limpeza de finca en Ameiró.
465/2725	12/09/2016	Inic. Exp. execución de limpeza de finca en Ameiró.
466/2726	12/09/2016	Inic. Exp. execución de limpeza de finca en O Pazo – Xil.
467/2747	14/09/2016	Nomeamento de membros das mesas electorais que resultaron excusados.
468/2774	15/09/2016	Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde da obra Mellora nos camiños rurais de Meaño. Tanoira –Padrenda e S. Mauro-Meaño.
473/2789	16/09/2016	Apertura de nova convocatoria para contratación de profesores/as escola de música (Saxofón e frauta).
475/2815	19/09/2016	Corrección de erros ao acordo de aprobación do Plan de seguridade e saúde da obra: Mellora nos camiños rurais de Meaño Tanoira-Padrenda e S. Mauro – Meaño.
477/2818	19/09/2016	Aprobación da memoria técnica para a Instal. de ventilación mecánica e reparación de cuberta en Pavillón Municipal de Meaño.
478/2822	20/09/2016	Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación laboral temporal para optar ás funcións de Dirección da Escola de Música.
479/2823	20/09/2016	Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación laboral temporal de fisioterapeuta.
480/2828	20/09/2016	Nomeamento de membros de mesas electorais que resultaron excusados.
486/2908	15/09/2016	Iniciac. Exp. orde de execución de limpeza de finca en Seixiños – Dena.
487/2910	15/09/2016	Iniciac. Exp. orde de execución de limpeza de finca en Pazo do Monte – Padrenda.
488/2912	15/09/2016	Iniciac. Exp. orde de execución de limpeza de finca en Mal Ferrón.
489/2914	26/09/2016	Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde da obra: Mellora na rede de saneamento no lugar de Pereiras – Meaño.
490/2916	26/09/2016	Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde da obra: Reconstrucción de fachadas e cuberta do Pavillón de Xil.
493/2926	27/09/2016	Iniciac. Exp. contratación da obra: Instalación de ventilación mecánica e reparación de cuberta no Pavillón Municipal de Dena.
494/2927	27/09/2016	Exp. de adquisición directa de terreno en As Covas – Meaño.
495/2929	27/09/2016	Autorización de tirada de fogos os días 29 e 30 de setembro de 2016 en Lores.
496/2930	27/09/2016	Autorización de tirada de fogos os días 2 e 9 de 2016 en Lores.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

497/2933	27/09/2016	Iniciac. Exp. de orde de execución de limpeza de finca en Outeiro.
498/2934	27/09/2016	Iniciac. Exp de orde de execución de limpeza de finca en Rozas.
499/2935	27/09/2016	Iniciac. Exp. de orde de excución de limpeza de finca en Pereiriñas – Xil.
502/2946	27/09/2016	Lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos para contratación laboral temporal profesores para Escola de Música Saxofón e Flauta.
503/2964	29/09/2016	Aprobación memoria valorada subministración con instalación da mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación pública exterior no lugar de Bouza-Padrenda.
504/2965	29/09/2016	Aprobación memoria valorada subministración con instalación de iluminación pública en Padrenda de Abaixo – Padrenda.
505/2966	30/09/2016	Contratación Profesores Escola de Música.
508/2983	05/10/2016	Lista definitiva asporantes admitidos e excluídos contratación laboral temporal profesores escola de música (saxofón e frauta)
509/2985	05/10/2016	Inciac. Exp. de orde de execución de limpeza de finca en As Cuarras.
510/3018	07/10/2016	Convocatoria de Mesa de contratación para a contratación da subministración con instalación para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación pública exterior no lugar de Bouza – Padrenda.
511/3019	07/10/2016	Convocatoria de Mesa de contratación para a contratación da subministración con instalación para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación pública exterior no lugar de Padrenda de Abaixo-Padrenda.
512/3020	07/10/2016	Convocatoria de Mesa de contratación para a obra: Mellora e pavimentación do camiño rural de Quintáns – Souto.
513/3021	07/10/2016	Contratación de monitor de actividades.

O Pleno queda enterado das resolucións ditadas pola Alcaldía no período comprendido entre o día 9 de de agosto de 2016 a 10 de outubro de 2016.

Rematado o exame dos asuntos incluídos no orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sra. García Fernández manifesta que desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia a seguinte **MOCIÓN**

“O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño a través da súa voceira Icíá García Fernández e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN DE URXENCIA, referida á posible perda da Concesión da área recreativa de Os Pasales**

O 2 de marzo do 2015, por Orden Ministerial otorgóuselle ao Concello de Meaño a concesión da Área Recreativa de Os Pasales, nos Seixiños, Dena. Para esta concesión, a Secretaría de Estado de Medio Ambiente esixía unha inversión co obxecto da mellora da zona.

Ante a imposibilidade de renovación da Concesión por parte da Asociación de Veciños de Dena, provocada pola falta de recursos económicos para a inversión, o Concello de Meaño optou e conseguiu dita Concesión.

O proxecto presentado e, posteriormente, efectuado, contaba coa construción dunha pista de pádel, a construción dunha fonte, a imposición de áreas con céspede natural, arboleda e xogos tradicionais pintados na pista asfaltada, así como unha zona destinada ao aparcamento.

No pleno do 13 de outubro do 2015 realizouse a Modificación da Ordenanza fiscal reguladora da prestación do Servizo de Instalacións Deportivas onde se aprobou unha tarifa de 12€ por hora e media de utilización da pista de pádel, co **VOTO EN CONTRA DO PARTIDO SOCIALISTA.**



Na Prescrición A do título concesional da Área Recreativa de Os Pasales, sinálase que *“Las obras objeto de la presente concesión serán de carácter general, público y gratuito”*; así mesmo, na Prescrición I tamén se indica que *“El incumplimiento de cualquiera de las anteriores prescripciones dará lugar a la caducidad de la concesión con independencia de la tramitación del expediente sancionador que corresponda”*

Deste texto enténdese que o establecemento dunha tarifa pola utilización da pista de pádel incumple o carácter xeral, público e gratuito que se fixa nos requisitos da Concesión podendo obter como consecuencia a eliminación, de inmediato, de dita Concesión deste área ao Concello de Meaño, así como a iniciación dun expediente sancionador.

De acordo con todo o anterior, sómese á consideración do Pleno da Corporación á aprobación seguinte:

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE CASAS DE BAÑOS, DUCHAS, PISCINAS, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E OUTROS SERVICIOS ANÁLOGOS:

1. Eliminación do texto íntegro da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da prestación do Servizo de Instalacións Deportivas aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación, en data do 13.10.2015

2. Modificar o punto Primeiro.-Tarifas- do Anexo de dita Ordenanza, referido aos seguintes termos:

- Eliminación da Tarifa polo Servizo de pista de pádel de 12€ por hora e media de utilización colectiva ou 4 usuarios/as

3. Modificar o punto Segundo.-Normas Especiais de Xestión-Liquidación e ingreso- do Anexo de dita Ordenanza referida á liquidación e ingreso:

- Eliminación do seguinte “- Pista de pádel: Bonos de 5 e 10 turnos. Para este efecto enténdese por turno cada hora e media de utilización”

4. Modificar o punto Segundo.- Normas Especiais de Xestión-Beneficios- do Anexo de dita Ordenanza referida ao seguinte:

- Especificar que o apartado “Beneficios” é referido exclusivamente ás instalacións da piscina municipal.”

Sometida a procedencia desta moción a votación ordinaria, o Pleno da Corporación por unanimidade dos membros presentes acorda a súa procedencia, polo que se procede ao seu debate e votación.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa, quen sinala que desde o grupo de goberno se entende que serán de carácter xeral, público e gratuito as obras e instalacións de acceso directo que non requiran a intervención de persoal e medios por parte do Concello para poder acceder e utilizalas cada vez que os usuarios demandan este servizo, como supón a pista de pádel.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes quen sinala que, o seu grupo xa manifestou que era un disparate en si mesmo tanto a pista de pádel como o establecemento da taxa polo servizo da pista de pádel. Engade que este asunto xa foi tratado no Pleno de xuño pero esta cláusula se pasou polo forro cando e clara e concisa, polo que este asunto en vez de pasarse por rexistro como moción se debería pasar polo xulgado de garda.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Propón a Sra. alcaldesa, ante as discrepancias que xurden da interpretación desta cláusula, solicitar informe á entidade concesionaria en relación coa compatibilidade/incompatibilidade da taxa establecida pola prestación do servizo da pista de pádel coa devandita cláusula e proceder segundo se sinala no mesmo.

Rematadas as intervencións e sometida a votación ordinaria a proposta de acordo contida na Moción, acádase un resultado de empate por seis votos a favor da proposta, dos membros do Grupo municipal de MI e PSdeG-PSOE, e seis votos en contra da proposta, dos membros do Grupo municipal do PP. Efectuado unha nova votación persiste o mesmo resultado de empate decidindo a Sra. alcaldesa-presidenta, co seu voto de calidade, non aprobar a proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de pista de pádel.

Sometida a votación ordinaria a proposta de solicitar informe ao Servicio Provincial de Costas en relación coa compatibilidade/incompatibilidade da taxa establecida pola prestación do servizo de pista de pádel coa devandita cláusula, o Pleno da Corporación por 2 votos en contra dos membros do Grupo Municipal do PSdeG e por 6 votos a favor, dos membros do Grupo Municipal do PP, acorda solicitar dito informe.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra aos membros da Corporación para que formulen os seus rogos e preguntas, formulándose as seguintes:

* Sra. García Fernández:

1. En primeiro lugar gustaríanos que nos aclarase algúns aspectos dos Convenios dos que hoxe dou conta.

- Sobre o Acordo de Intencións coa Consellería de Educación..é sólo eso, un acordo de intencións que esperemos que se efectúe no tempo e forma que se especifica. Por outra banda, neste texto especificase que a consellería autoriza a apertura do comedor nas “axeitadas instalación existentes no centro”. Cóstame pensar que o “barracón de obreros” actual cumpira esa definición.
- En canto ao Convenio coa Consellería de Medio Rural establécese que é para a mellora de pistas rurais nas parroquias de Xil e Meaño. Pode decirmos cales?
Por qué motivo non se especifican cales son esas pistas? Acaso ten pensado destinar a subvención a unhas obras e se presentan problemas, destinalas a outras?
- No referente ao Convenio con Augas de Galicia para o abastecemento de auga á Aldea de Abaixo e a Igrexa:



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

Acreditouse xa o pago previo para o inicio das obras ou fíxose o depósito na Caixa Xeral de Depósitos? Se se fixo, cal foi a cuantía?

Ademáis, pode decirnos quenes son os representantes do Concello na Comisión de seguimento?

- En canto ao Convenio coa Secretaría Xeral para o Deporte, pódese saber cal é o proxecto? Quen vai ser o coordinador ou coordinadora de Seguridade e Saúde?

Vaise xustificar o pago antes do 15 de maio ou vaise solicitar a prórroga?

Ten pensado solicitar axuda para a realización da obra?

- E xa para rematar cos convenios, no referente ao convenio entre a Consellería de Política Social:

Cal vai ser, en concreto, o taller de actividades a desenvolver? Deben ter algo preparado xa, posto que o prazo de xustificación remata o 10.12.2016.

Vaise contratar alguna empresa para desenvolver algunha das actividades?

Quenes son os 2 representantes do Concello na Comisión de seguimento?

2. Cómo se conceden as obras menores que non é necesario sacar a concurso? Qué criterio seguen para mercar os produtos dos servizos sociais?

3. Na casa número 7 da rúa Santa Lucía cando a empresa arreglou a carretera romperon o enganche da casa. Non o arreglaron e de vez en cando prodúcense vertidos ao río da Chanca. Pensaron en algunha solución?

4. Debido ás condicións persoais dos usuarios do Centro Social Polivalente é necesario máis persoal para o axeitado coidado e atención dos usuarios xa que teñen limitadas as súas condicións físicas.

5. Non é a primeira vez que nos queixamos do pésimo estado no que o Grupo de Goberno ten a Ruta dos Muiños. Desta vez, vólvese ver a pouca atención que se lle ten. Isto leva así dúas semanas como mínimo.

6. Cómo é posible que un perfil dunha rede social (FB) non ligado oficialmente ao concello, publique información privilexiada que non figura na páxina web do Concello? Cómo sabía o administrador ou adminisitradora deste perfil sobre a ampliación da solicitude do curso de coctelería ou a ampliación da exposición do mes de agosto no museo da Muller Labrega, entre outras?

7. En moitos puntos do noso concello existe luminaria avariada. Deberíase facer unha revisión xeral.

8. Nas inmediacións de Viliquín 56 e 57 dende fai máis de unha semana existe unha perda de auga permanente, que se pode ver na propia carretera. Xa saben a qué é debido?

9. Pódenos informar sobre o estado actual da pista que baixa San Amaro dende Os Agros que vai ata a de Otero?

10. Nas resolución de alcaldía o 26-08-2016 aparece "Expediente de orde de pago a xustificar". Qué tipo de expediente é? A qué se debe?

11. Pode informarnos sobre as prazas do curso actual da Escola de Música?

12. Queremos felicitar ao Grupo de Goberno pola organización da Carreira Popular de



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Meaño pero é unha pena que non se apoiase da mesma forma outra carreira tradicional que se celebra no noso municipio, que nin tan sequera se lle desen os 2.000€ que solicitaron.

13. Por último, queremos recordarlle que temos petición de documentación e preguntas por escrito pendentes de resposta. Gustaríanos que se nos respondera coa menor brevidade posible.

Contesta a Sra. alcaldesa que:

- Que se trata dun acordo de intencións que ambas partes pretenden levar a cabo.
- En canto ao convenio asinado coa Consellería de Medio Rural, á solicitude de convenio achégaselle un proxecto técnico no que se definen as obras, figurando no convenio só o título. As obras son as indicadas ao dar conta do convenio.
- O proxecto de abastecemento de auga á Aldea de Abaixo e a Igrexa, vaino executara Augas de Galicia con cargo ao seu orzamento non tendo que chegar nada o Concello. En canto aos representantes do Concello na comisión de seguimento aínda non hai nomeado ningún representante.
- No referente ao convenio coa Secretaría Xeral para o Deporte a axuda está prevista no convenio. A documentación técnica foi redactada polo arquitecto José Antonio Sueiro e contempla, básicamente, a reparación da cuberta e instalación de ventilación mecánica para solucionar os problemas de condensación que estaban a rexistrar. En canto a dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde será determinado no intre da adxudicación. Os representantes do Concello na comisión de seguimento aínda non hai nomeado ningún representante.
- No convenio que se está a tramitar co Consellería de Política Social incluírase o programa de actividades que o Concello está a desenvolver no Centro Social Polivalente co persoal co que se dispón que ata este ano cofinanciaba a Deputación Provincial de Pontevedra e que deixou de cofinanciar, non estando prevista a contratación de ningunha empresa. Os representantes do Concello na comisión de seguimento aínda non hai nomeado ningún representante.
- En canto a dispoñibilidade de máis persoal para o Centro Social Polivalente polas condicións persoais dalgúns usuarios, o Centro Social Polivalente ten por obxectivo servir de punto de encontro de persoas maiores para poder realizar actividades de desenvolvemento persoal que mellore a súa calidade de vida a vez que un espazo de espallamento a vez que contribúe a conciliación da vida laboral dos familiares e o persoal de que dispón cubre esas finalidades, a cuestión xurde en que nas últimas datas catro persoas usuarias acadaron un elevado grado de dependencia que está dificultando a súa atención neste centro ao requirir unha atención moi personalizada e especializada polo que deste servizos sociais se está a buscar fórmulas alternativas ás que poderán acollerse as familias para a atención destas persoas e a informar ás familias.
- As luminarias estanse a revisar a diario.
- En canto a perda de auga mencionada, pasaron aviso e estívoise buscando a orixe pero a día de hoxe non se localizou.
- A orde de pago a xustificar corresponde ás entradas ao aquapark de Cereda, con motivo da excursión de fin de actividades, que hai que pagalas en taquilla polo que





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

se fixo un pago a xustificar a favor da persoa responsable para facer efectivo o importe das entradas.

- As matriculacións na Escola de música deste ano seralle facilitado por escrito.
- En canto ao mantemento da ruta dos muiños, unha cuadrilla empezou a limpiala estes días e estase a espera da autorización de Augas de Galicia para executar un proxecto de mellora da ruta para o que se solicitou financiación á Deputación Provincial.

* Sr. Varela Budelo

- O paseo da telleira dá asco, xusto no pozo de bombeo había basura. Algunha xestión se debería facer ou ter feito.

- A ponte de Axís, non dubida da capacidade da empresa que o está a executar pero desde o Concello se debería levar máis control, así considera que eses muros terían que ser reforzado e contar cunha manta para evitar que a terra se filtre. O muro que hai baixando para Axís cree que habería que levalo a 80 cm. e por debaixo pasa unha tubería de rego que cruza o camiño que romperon cando colocaron a tubería de abastecemento de auga e instalaron un tubo corrugado de 30 cm pasando agora a auga de rego por debaixo e filtrase. Polo que conclúe que esta ponte é unha infraestrutrua para anos polo que insiste en que se controle para que se execute en condicións.

* Sr. Ásperez Montes

- Sublima a falta de rigurosidade nas obras e nos proxectos, xa que se falaba de que antes de que finalizara o curso estaría rematada a ponte de Axís e as perspectivas non se cumplen.

Contesta a Sra. alcaldesa que o retraso non se debeu nin ao proxecto nin a licitación senón a existencia dunha liña eléctrica de media tensión privada.

Replica o Sr. Ásperez Montes que o Sr. Varela Budelo advertiu da existencia desa liña.

Insiste a Sra. alcaldesa en que esta obra se retrasou porque a bodega responsable desa liña se retrasou en facerse cargo do seu traslado.

- Das deficiencias que hai na praza de abastos, ¿vaise a facer algo para solucionarlas de cara o verán?.

- A subida ao colexio de As Covas amosa deficiencias e resulta problemática, polo que se debería facer o posible por mellorar o acceso desde a estrada.

- Solicita que lle sexan facilitados os datos da recadación obtida en concepto de taxa pola prestación do servizo de piscina municipal e da pista de pádel.

- En relación co convenio asinado coa Deputación para a obra do campo de fútbol de céspede sintético ¿cal é o importe que vai a achegar o Concello e Deputación Provincial?.

- En abril aprobouse unha modificación de crédito na que se contemplaba un crédito extraordinario por importe de 20.000,00 € para a adquisición de terreos, que se decía para obras de urbanización de acceso e aparcadorio do campo de fútbol de Meaño e na sesión do Pleno de setembro dise que non era para a compra dese terreo, polo que solicita que se concrete.

- ¿Asinouse xa o convenio de colaboración co Concello de Sanxenxo para a



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

execución das obras de interconexión da rede de augas residuais do parque empresarial de Nantes?.

- ¿Solicitouse xa o informe a Augas de Galicia?, porque o consideramos necesario e imprescindible.

- Si o informe que acordaron solicitar ao Servicio Provincial de Costas en relación coa co establecemento e aplicaicón da taxa pola prestación so servizo da pista de pádel é negativo e si algún veciño pide responsabilidades ao Concello ¿Que vai pasar?.

- Sinala que a sesión extraordinaria do Pleno de outubro non se debeu facer, foron cartos mal gastados.

- Vostede veu sinalando que tivo coñecemento da existencia do informe emitido con data 10 de agosto de 2015 sobre unha nova rede de saneamento para o Polígono de Nantes con posterioridade á celebración do Pleno de agosto de 2015 e que ese informe non foi encargado polo Concello non obstante no mesmo figura que foi feito a requirimento do Concello, trátase dunha mentira para tapar outra mentira e unha mentira é unha mentira.

Constesta a Sra. alcaldesa, sinalando que:

- En abril aprobouse unha modificación de crédito na que se contemplaba un crédito extraordinario por importe de 25.000,00 € para compra de terreos pero non todo o importe sería para destinar ao acceso ao campo de fútbol.

- Os datos da recadación obtida en concepto de taxa pola prestación do servizo de piscina municipal e da pista de pádel seranlle facilitados.

- En canto ás achegas previstas no Convenio asinado coa Deputación Provincial para levar a cabo a obra do campo de fútbol de céspede sintético en Meaño, corresponden a fondos propios municipais 374.911,17 € o resto corresponden á Deputación Provincial.

- Os gastos derivados da celebración do Pleno do mes de setembro non foron mal gastados. Mal gastados foron cando se convocou un Pleno para tratar só rogos e preguntas por non facer uso deste apartado no Pleno ordinario.

E ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e unha horas e trinta e cinco minutos, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e praxe da Sra. alcaldesa.

Vº e Praxe
A alcaldesa

Asdo. Mª Lourdes Ucha Varela





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com